



## ANEXO I

### SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2020

<b>Nº DE PROTOCOLO<sup>1</sup></b>		
<b>1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>		
XORNADA TÉCNICA SOBRE OS RECURSOS FITOXENÉTICOS CONSERVADOS NO CIAM		
<b>2.- TIPO DE ACTIVIDADE<sup>2</sup></b>		
XORNADAS TÉCNICAS		
<b>3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>		
Unidade: CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO		
Enderezo: ESTRADA AC-547 BETANZOS A MESÓN DO BENTO, KM 7		
C. Postal: 15318	Concello: ABEGONDO	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: MANUEL LÓPEZ LUACES		
Cargo: DIRECTOR DO CIAM	Tfno.: 881 881 801	Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es
Nome e apelidos do/a coordinador/a: JULIO ENRIQUE LÓPEZ DÍAZ		
Posto de traballo: TECNICO I CIAM	Tfno.: 881 881 859	Correo_e: julio.enrique.lópez.díaz@xunta.es
<b>4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>		
Unidade: CFEA GUISAMO		
Enderezo: LUGAR DE BOS, 14-ESTRADA N-VI KM 581 GUÍSAMO		
C. Postal: 15640	Concello: BERGONDO	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: LOIS ARENAS BARREIRO		
Cargo: DIRECTOR	Tfno.: 881 881 043	Correo_e: xose.lois.arenas.barreiro@xunta.es
<b>5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (que non sexan da Consellería do Medio Rural)</b>		
Unidade ou entidade: FUNDACIÓN JUANA DE VEGA		
Enderezo: NOS, AVENIDA SALVADOR ALLENDE, 92, 15176 OLEIROS		
C. Postal: 15176	Concello: OLEIROS	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: JOSÉ MANUEL ANDRADE		
Cargo: DIRECTOR	Tfno.: 981 654 637	Correo_e: info@juanadevega.org
<b>6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO<sup>3</sup></b>		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:		
Cargo:	Tfno.:	Correo_e:

<sup>1</sup> A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal.

<sup>2</sup> Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

<sup>3</sup> Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

## 7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

### INTRODUCCIÓN

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG Núm. 102, do 30 de maio de 2018) establece no seu artigo 10 que entre as funcións da AGACAL en materia de investigación se encontra a conservación do patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal e promover mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal, así como a promoción e execución dos traballos de investigación na mellora xenética e sanidade agrícola e da conservación dos recursos xenéticos, entre outras. Tamén lle corresponde a divulgación de todas cantas actividades tecnolóxicas e investigadoras está a desenvolver, incluídas as relativas aos recursos fitoxenéticos autóctonos e a súa conservación e mellora.

Este mesmo decreto establece que o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) ten entre as súas funcións a coordinación e dirección do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da comunidade Autónoma de Galicia. O Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios do CIAM forma parte da rede de Coleccións do Programa Nacional de Recursos Fitoxenéticos O. do 23 de Abril de 1993 (BOE de 7 de maio). Devandito Banco está recoñecido internacionalmente có código FAO ESP119 e, entre as súas coleccións, o Banco de xermoplasma de millo do CIAM ten proxección internacional, xa que oito das súas poboacións forman parte da colección nuclear europea EUMLCC que representa a diversidade xenética do millo en Europa e que se conserva en Wageningen.

O CIAM ten a función de axudar á recuperación de aquelas variedades autóctonas galegas, multiplicalas, caracterizalas (morfolóxica e agronómicamente), así como conservalas no seu Banco de Xermoplasma co fin de evitar a súa extinción.

Contribuíndo ademais a:

1. Aumentar a diversidade existente no agroecosistema.
2. O mantemento das variedades locais, permítenos conservar xenes varietais que ofrecen unha mellor adaptación ás condicións da comarca.
3. A conservación non só se realiza atendendo a criterios só produtivos, senón polos seus usos e cualidades características..
4. Manter a herdanza cultural de Galicia.
5. Devolver parte da autonomía do agricultor para a xestión das súas propias sementes.

Actualmente conservase no CIAM unha serie de coleccións, principalmente en forma de semente representativas dos principais cultivos e con base xenética galega. Existe unha colección de millo (mais de 600 ecotipos principalmente galegos) aos que hai que engadir 695 liñas puras. Tamén se conservan máis de 1600 mostras de sementes pratenses pertencentes a 100 especies, unhas 300 accesións de cereais de inverno (trigos e centeos), especies hortícolas dos principais cultivos (tomate, pemento, leituga, cebola, etc) e tamén unha colección de maceiras e pereiras que se manteñen *in vivo*. Toda esta información é asequible libremente no sitio web do CIAM ([www.ciam.gal](http://www.ciam.gal))

Froito do intenso traballo do persoal ao cargo do Banco de Recursos Fitoxenéticos da Comunidade Autónoma de Galicia que se ten desenvolvido nestes últimos anos a través de proxectos de investigación e as actividades de conservación ligadas á medida 10.2 de Conservación dos recursos xenéticos na Agricultura do PDR (Programa de Desenvolvemento Rural) da Xunta de Galicia e outras

actividades de apoio e demostración, téñense rexistrado ou están en fase de rexistro como variedades de conservación ou comerciais numerosas accesións das distintas especies conservadas cō fin de poñelas á disposición do sector e garantir a preservación da erosión xenética.

No CIAM celébranse con regularidade xuntanzas e xornadas técnicas con agricultores, empresas e profesionais do sector agro-gandeiro. Tamén se traballa dende fai anos nunha gran labor demostrativa, a traveso de promover visitas ou charlas tanto para investigadores, empresas do sector e para estudantes. Por outra banda tamén se publican os resultados obtidos, ou en curso, nos medios de comunicación (prensa, radio, tv, redes sociais...). Todos os traballos de libre acceso se publican periodicamente no sitio web do CIAM ([www.ciam.gal](http://www.ciam.gal)).

Devanditos esforzos teñen como obxectivo amosar os resultados científicos dos proxectos de investigación en curso e das liñas actuais en I+D+I que se desenvolven nos centros e escolas dependentes do AGACAL (Axencia Galega da Calidade Alimentaria).

Neste traballo propónse organizar unha xornada técnica na que participarán investigadores e técnicos dos diferentes centros dependentes do AGACAL para amosar os contidos das coleccións e os resultados obtidos até a data con este material (multiplicación, caracterización, rexistro de variedades, etc)..

## 8.- OBXECTIVOS

Nesta xornada técnica se propoñe unha actividade demostrativa e formativa (en data a determinar).

### **OBXECTIVO:**

Organizar unha xornada técnica de charlas informativas sobre os contidos e resultados obtidos até a data co banco de xermoplasma do AGACAL

- Sesión informativa con faladoiros no salón de actos do CIAM.
- Sesión de visita práctica ás cámaras do CIAM.

## 9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Localización

A sesión informativa terá lugar no salón de actos do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo), o cal consta de infraestrutura y aforo suficiente, situado en Estrada Betanzos-Mesón do Bento, km 7, Abegondo (15318 A Coruña).

A sesión demostrativa de visita ás instalacións do CIAM terá lugar despois da sesión informativa.

**9.2.- Planificación da actividade (de ser o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descrición de todas as fases.** (Xuntar croquis e deseño das parcelas)

**1. Xornada informativa:** faladoiros impartidos por investigadores e técnicos do CIAM-AGACAL (5 horas estimadas) en data a propoñer.

Programa da xornada formativa:

**09:00h.** Admisión de participantes e presentación das xornadas.

**09:30h - 13:00. Faladoiros**

**13:00h.** visita ás instalacións e ensaios do CIAM

**14:00h.** Fin da sesión

**9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade**

- Persoal técnico do AGACAL en colaboración coa FUNDACIÓN JUANA DE VEGA.
- Persoal de apoio do CIAM para o correcto desenvolvemento da xornada.

**9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido**

Agricultores, técnicos e empresas do sector, estudantes, especialmente dirixido a aquelas/os emprendedoras/os que poden ter interese no coñecemento de novas tecnoloxías en produción agro-gandeira, novos produtos, conservación da biodiversidade e mitigación do cambio climático.

**10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS**

**Reunións:**

Xuntanzas de persoal do CIAM para coordinar as actividades.

**Visitas:**

Visita ás instalacións do CIAM despois dos faladoiros (cámaras de xermoplasma, cultivos, ensaios de campo, etc.).

**Publicacións:**

Publicación na páxina web do CIAM ([www.ciam.gal](http://www.ciam.gal)) dun resumo dos faladoiros da actividade, e tamén nas redes sociais que comparte o CIAM e CFEA Guísamo, e nos medios galegos interesados nos contidos da xornada (Vacapinta, Transmedia, etc)

**Artigos de prensa:**

Se prevé publicación de notas de prensa e en redes sociais coa suficiente antelación para informar da actividade e achegar a máxima divulgación a traveso destes medios informativos. Tamén se prevé publicar *a posteriori* nos medios de prensa dispoñibles, tanto impresos como *on-line* un resumo da xornada.

**Programas de TV e/ou radio:**

Se prevé unha publicación na TVG e noutros medios informativos un resumo da actividade, nunha edición por determinar, para o cal se comunicará a cada medio con antelación.

## 11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada): **setembro- outubro de 2020**

11.2.- Duración da actividade:

**Horas teóricas: 4 (en total con todos os relatores, sesión informativa)**

**Horas prácticas (en talleres ou explotacións de colaboradores): 1 (visita ás instalacións do CIAM)**

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

- Explotacións:
- 
- Empresas:
- 
- Entidades asociativas: **FUNDACIÓN JUANA DE VEGA**

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cun X):

-Concello: **Abegondo (A Coruña).**

Zona desfavorecida

Zona de montaña

12.- TIPOLOXÍA DOS/AS DESTINATARIOS/AS (poñer número de asistentes)

<b>Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3.</b>	<b>Mulleres: 20</b>
	<b>Homes: 20</b>
	<b>Total asistentes: 40</b>
<b>Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria.</b>	<b>Mulleres: 30</b>
	<b>Homes: 10</b>
	<b>Total asistentes: 40</b>
<b>Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora.</b>	<b>Mulleres: 20</b>
	<b>Homes: 10</b>
	<b>Total asistentes: 30</b>
<b>Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo.</b>	<b>Mulleres: 20</b>
	<b>Homes: 10</b>
	<b>Total asistentes: 30</b>
<b>TOTAL ESTIMADO DE ASISTENTES: 140</b>	